



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

**Felipe Vázquez García**, oficial maior do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

## **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria urxente de data 24 de xaneiro de 2020, acadou, o seguinte acordo:

### **3º.-ACORDAR A MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CANDO O ÓRGANO DE CONTRATACIÓN SEXA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O presidente dá conta da proposta, de data 24/01/2020, para modificar a composición da mesa de contratación cando o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local; así explica que, en data 15/03/2018, a Xunta de Goberno Local fixou a composición da mesa de contratación cando o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e adaptouna á normativa reguladora contida na Lei 09/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

En data 11/10/2018, completouse a composición da mesa de contratación, en canto á súa presidencia, ao estar de baixa o persoal que desenvolvía tales funcións. A día de hoxe é necesario nomear un novo suplente debido á baixa médica das persoas que viñan desenvolvendo tales funcións de presidencia da mesa.

Tal e como viña ocorrendo, considérase que a mesa de contratación debe ter unha composición de carácter técnico.

En base a todo o exposto e ao abeiro do apartado 7 da disposición adicional segunda da Lei 09/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- 1º) Acordar a composición da mesa de contratación, con carácter permanente, para asistir á Xunta de Goberno Local cando esta actúe competencias en materia de contratación.

A composición da mesa de contratación queda establecida como segue:

Presidente:

José Manuel Cabarcos Anca, técnico de administración xeral do concello. Actuará como suplente Gerardo Pais Antiqueira, técnico de administración xeral do concello; en ausencia deste, Carlos Alberto Domínguez Adegá, economista do concello; e, na súa ausencia, asumirá as funcións da presidencia o vogal Manuel Souto López.

Vogais:

Marina Núñez Orjales, secretaria da corporación, pertencente á escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, ou quen legalmente a substitúa.

Cristina Morán Monzo, interventora da corporación, pertencente á escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, ou quen legalmente a substitúa.

Álvaro Luís Santodomingo González, tesoureiro da corporación, pertencente á escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, ou quen legalmente o substitúa.

Felipe Vázquez García, oficial maior do concello, pertencente á escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Manuel Souto López, técnico de xestión do concello.

Secretaria:



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Ivón Carrodegas Rodríguez, administrativa da escala de administración xeral, en réxime de interinidade. En ausencia desta, as funcións da Secretaría da mesa as asumirá Sandra López Rodríguez, administrativa da escala de administración xeral, en réxime de interinidade, adscritas ambas ao Departamento de contratación, ou, na ausencia desta última, a secretaria do concello ou quen legalmente a substitúa.

2º) Publicar este acordo no perfil do contratante do órgano de contratación.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do concelleiro-delegado da Área de Contratación e Cultura.

As Pontes de García Rodríguez,

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

Vicente Roca Uceira